

ACTA Nº3 DA SESIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE LIMPADOR/A DE EDIFICIOS PÚBLICOS E VÍA PÚBLICA DO CONCELLO DE MUROS (Resolución núm. 341/2023 de 1 de abril)

Persoas asistentes:

Presidenta: Noelia Louro Louro

Secretario: Enrique José Carou Peón

Vogais:

- María Fernández Formoso
- Joaquín José Barreiros Pais
- Francisco Abelardo Lestón Lago

ORDE DO DÍA:

- 1.- Resolución das reclamacións presentadas.
- 2.- Realización do sorteo de desempate no seu caso.
- 3.- Resultados definitivos do procedemento de selección.

1.- Sendo ás 10,00 h do 05 de febreiro de 2025 acórdase dar lectura as reclamacións presentadas no prazo outorgado e que son as seguintes:

A) A persoa aspirante P.W.C. na súa reclamación presentada o 04/02/2025 indica que a formulación da pregunta nº 3 da lugar a erro, sinalando “as aspiradores de po poden ou non levar bolsa de aspiradora, xa que as hai que non teñen bolsa só tanque, e si falamos dunha aspiradora industrial pola natureza do exame sería máis probable que non tivera, como non se especifica exactamente que tipo de aspiradora é a pregunta pode dar lugar a erro”.

Analizada a formulación así como as 4 respostas alternativas que se indicaban, o tribunal por unanimidade acorda desestimar a mesma en base a que se trata dunha pregunta xenérica referida o manexo de aspiradoras con carácter xeral, e todas as alternativas son correctas.

B) A persoa aspirante M.J, G.M. na súa reclamación presentada o 04/02/2025 indica que a formulación das preguntas 5 e 8 serían incorrectas:

- Respecto da pregunta nº 5 indica: “ indica que antes emite chorro a presión para limpar o polvo, pero noutros manuais aparece isto os cepillos recollen a suciedade pero non sin antes humedecer o chan. Na parte dianteira contén un aditamento de humectación que expulsa un pouco de auga pulverizada para impedir a concentración de po, polo cal dita pregunta debería ser anulada a unha de reserva”

O tribunal por unanimidade dos seus membros acorda desestimar a reclamación desta pregunta, xa que a resposta correcta como consta no modelo oficial e a letra A, tal e como a propia aspirante respostou correctamente: “Un sistema de pulverización de auga que actua sobre o chan inmediatamente antes dos cepillos”

- Respecto da pregunta nº 8 indica: O CEIP Ramón de Artaza e Malvárez a dirección de dito colexio é Agra de Baño nº 1 Serres (San Xoan) 15259 Muros, tal e como aparece recollido pola



Xunta de Galicia, polo que dita pregunta debería ser anulada e acudir a reserva, pois aparece como correcta Muros e é Serres”.

O tribunal por unanimidade dos seus membros acorda desestimar a reclamación desta pregunta, xa que indica que se está dando por válida a resposta de Muros, cando segundo consta no modelo oficial a resposta correcta e Serres, sendo a válida a resposta C e non a D como indica na súa reclamación.

2.- Unha vez analizadas e desestimadas as reclamacións prestadas e visto que as puntuacións provisionais continúan con empates entre as seguintes persoas aspirantes:

A orde resultante do do sorteo é a seguinte.

Sorteo nº 1:

Resultado


APELIDOS E NOME (INICIAIS)	DNI COD	1º EXERCICIO	PROBA DE GALEGO	PUNTUACIÓN TOTAL PROVISIONAL	Resultado
S.V., J.M.	***0492**	16,10 (*)	EXENTO- 5 PUNTOS	21,10 (*)	1º
L.S., F.	***4809**	16,10 (*)	EXENTO- 5 PUNTOS	21,10 (*)	2º

Sorteo n.º 2:

APELIDOS E NOME (INICIAIS)	DNI COD	1º EXERCICIO	PROBA DE GALEGO	PUNTUACIÓN TOTAL PROVISIONAL	Resultado
C.M., J.	***4789**	15,40 (*)	EXENTO- 5 PUNTOS	20,40 (*)	1º
C.T.,M.D.	***8536**	15,40 (*)	APTO- 5 PUNTOS	20,40 (*)	2º

3.- Unha vez resolto o desempate, o Tribunal acorda publicar a bolsa de emprego coas persoas que superaron o proceso segundo o previsto no punto 9 das bolsas en atención a súa puntuación e ao desempate realizado. E así mesmo trasladar a alcaldía a aprobación da bolsa de emprego de persoal temporal de limpador/a de edificios públicos e vía pública do Concello de Muros de acordo coa súa puntuación final e en orde decrecente.

Posición na bolsa	APELIDOS E NOME (INICIAIS)	DNI COD	1º EXERCICIO	PROBA DE GALEGO	PUNTUACIÓN DEFINITIVA
1º	P.F, D.E.	***9443**	18,70	EXENTO- 5 PUNTOS	23,70
2º	F.L., J.	***8539**	17,70	EXENTO- 5 PUNTOS	22,70
3º	L.V., M.J.	***8919**	16,40	EXENTO- 5 PUNTOS	21,40
4º	S.V., J.M.	***0492**	16,10 (*)	EXENTO- 5 PUNTOS	21,10 (*)
5º	L.S., F.	***4809**	16,10 (*)	EXENTO- 5 PUNTOS	21,10 (*)
6º	C.M., J.	***4789**	15,40 (*)	EXENTO- 5 PUNTOS	20,40 (*)
7º	C.T.,M.D.	***8536**	15,40 (*)	APTO- 5 PUNTOS	20,40 (*)



**Concello
de Muros**

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

8º	W.C. P	***4824**	15,10	EXENTO-5 PUNTOS	20,10
9º	T.R.,M.D.	***6592**	14,80	APTO- 5 PUNTOS	19,80
10º	F.F.,M.	**8373**	14,40	EXENTO- 5 PUNTOS	19,40
11º	G.M., M.J.	***8857**	14,10	EXENTO-5 PUNTOS	19,10
12º	P.A., M.N.	***5427*	13,80	APTO-5 PUNTOS	18,80
13º	V.T., M.J	***8527**	13,50	APTO-5 PUNTOS	18,50
14º	R.L, D.	***3135**	12,80	EXENTO-5 PUNTOS	17,80
15º	S.C., M	***0042**	11,20	EXENTO-5 PUNTOS	16,20
16º	T.V., M.C	***8527**	8,60	APTO- 5 PUNTOS	13,60
17º	B.M., V.M	**0180**	7,00	EXENTO-5 PUNTOS	12,00
18º	C.C., R.M	***0180**	4,70	EXENTO- 5 PUNTOS	9,70

Sen máis asuntos a tratar a Presidenta dá por rematada a sesión.

O Secretario

A Presidenta

Os/as vogais.